

DA RELACION ENTRE PARTICIPACIÓN E CULTURA Á CULTURA DA PARTICIPACIÓN

Xan M. Bouzada

Universidade de Vigo e Consello da Cultura Galega

O termo *participación* conta cunha densa bagaxe sémica. Os significados ós que remite connotan tanto a dimensión teórica do pensamento social e político como a encrucillada concreta dos ámbitos aplicados da acción cultural e da acción social. En virtude disto neste traballo tentaremos achegarnos a algún dos eixes máis substantivos da súa posible abordaxe de cara a establecer unha reflexión sobre dalgúns dos temas de debate suscitados na tradición do pensamento social, a cal nos permitirá comprobar como o concepto de participación se sitúa hoxe no gonzo dalgúns conceptos tan centrais no debate sociopolítico coma os de *democracia*, *liberdade* ou *cidadanía*.

Por outra banda, o noso percorrido permitirá observar tamén de qué xeito a clave participativa exerceu ó longo da segunda metade do século vinte como un dos factores forxadores dos obxectivos das políticas culturais. Cabo deste feito, o *desenvolvemento comunitario e local*, tanto na súa vizosa tradición anglosaxona do *community development*, coma na máis recente do *desenvolvemento local*, alongaron ata os nosos días un esforzo claro por aplicar e traducir en metodoloxías concretas o obxectivo central de substanciar cun contido participativo a concepción e a posta en marcha das políticas sociais orientadas cara ó desenvolvemento.

1 A CUESTIÓN DA PARTICIPACIÓN NA TRADICIÓN DO PENSAMENTO SOCIAL

Respecto da importancia da inserción do individuo no corpus moral da sociedade da que forma parte e dentro da tradición do pensamento social occidental van ser autores coma Maquiavelo no s. XVI, ou o mesmo barón de Montesquieu, Charles de Secondat, a inicios do século XVIII, os que incidan na importancia da virtude

cívica para o logro da boa calidade da vida pública. A súa chamada de atención vai axudar a sentar as bases dunha moral social laica baseada no individualismo e no respecto polos homes en canto tales así como sobre de virtudes estrictamente terreas e explicitamente humanas¹. A súa sensibilidade polo desenvolvemento das virtudes cívicas vai converter a Montesquieu nun dos fitos do pensamento republicano, o cal, fronte ó posicionamento meramente liberal, optará por apostar pola participación da cidadanía así como por atender ó ben e ó interese común. En virtude disto, vai asumir unha representación da *politeia* como unha área na que cadaquén de xeito individual, aínda que respectando as regras do xogo, optaría por librar nela a batalla dos seus intereses e intencións particulares.

Respecto do concepto de liberdade, algúns anos máis tarde será Benjamin Constant quen formule unha dicotomía orientadora entre as que el definiu coma *liberdade dos antigos* e *liberdade dos modernos*. Estes dous tipos de liberdade constituirían dúas modelizacións polarizadas, a primeira das cales faría fincapé nas virtualidades das formas de liberdade derivadas da inserción profunda nunha colectividade; mentres a segunda delas derivaría do pulo contrario afecto á capacidade centrífuga dos individuos a afirmarse con relativa independencia dentro do seu marco colectivo de referencia. Na súa opinión, o perigo da liberdade antiga consistía en que os homes, atentos unicamente a asegurar a participación no poder social, desprezaban os dereitos e os praceres individuais; mentres que o perigo da liberdade dos modernos consistiría máis ben en que estes, ó atopárense absorbidos polo gozo dunha independencia privada e pola procura duns intereses particulares, renunciásen con excesiva facilidade ó dereito de participar no poder político. Esta dicotomía, tras da cal algúns autores (Berlin, 2001) quixeron ver unha aposta de Constant polo modelo moderno que relegaría e ignoraría as virtualidades presentes no modelo dos antigos, levou ó profesor González Seara (1995: 780) a propoñer unha interpretación máis ampla e aberta da mensaxe de Benjamin Constant xa que, na súa opinión, a súa proposta, lonxe de renunciar a unha das dúas

1. Giner, S. (2001): *Teoría sociológica clásica*, Barcelona, Ariel, p. 45 e ss.

clases de liberdade, descoidando a participación e o control político, o que fai máis ben é afirmar con bastante claridade que é necesario *aprender a combinar unha coa outra*. E isto sería así polo feito de que, tal e como afirma no seu folleto *Del Espíritu de la Conquista*, escrito en contra de Napoleón, "Os homes precisan para que se asocien os seus destinos algo máis ca interese. Necesitan unha opinión, necesitan unha moral. O interese tende a illalos porque ofrece a cada un a oportunidade de ser en soidade...".

No ano 1835, o aristócrata liberal francés Alexis de Tocqueville vai publicar o seu libro *La democracia en América*; nesta obra, suxestiva e intuitiva, o seu autor vai postular que existe un importante conxunto de condicións para manter a saúde das sociedades autogobernadas, entre as cales se inclúen, entre outras, a da existencia dun forte sentido da identificación dos cidadáns coas súas institucións públicas e coa súa forma política de vida ou mesmo, tamén, a pertinencia dalgunha descentralización de poder cando as institucións centrais se atopan excesivamente arredadas e burocratizadas para seren capaces de soste por si mesmas un sentido continuado de participación.

Tamén a proposta democrática de Tocqueville, coma a de B. Constant, tiña esa dobre face que tenta facer compatible unha idea de liberdade como capacidade do individuo para vivir e decidir de xeito independente² dos demais, coa esixencia complementaria de que non resulta intelixible o gozo da liberdade se esta non asume plenamente o sentido da relación cos demais exercitándoa coma unha vía posible para o logro da participación do cidadán nos asuntos públicos.

Por outra banda, e tal como pon en evidencia nas primeiras páxinas da súa obra sobre da Democracia en América, A. de Tocqueville argüirá que o desenvolvemento gradual da igualdade de condicións entre as persoas vén a ser un proceso providencial, que ten como propias as seguintes características: é universal, durable, escapa da potestade humana e todos os acontecementos, do mesmo xeito que todos os homes, están ó seu servizo.

2. González Seara, 1995, p. 781.

Esta percepción democrática, integral e moderna, despregada por Tocqueville, podemos atopala latente nunha obra de forte influencia na reflexión sobre do sentido e o contido do desafío democrático nos momentos actuais. Segundo nos lembraba Albert O. Hirschman, nas súas *Retóricas de la intransigencia* (1991), o artigo de T.H. Marshall, "Citizenship and social class" (Cidadanía e clase social), baseado nunha conferencia do ciclo sobre do economista Alfred Marshall, impartida na Universidade de Cambridge no ano 1949, constituíu o principal punto de partida do traballo dunha comisión de teóricos reunida en 1985 para debater sobre a "Crise do Estado benfeitor" pola Fundación Ford. Comisión en que, entre outros, participaban o mesmo Albert Hirschman e Ralf Dahrendorf. Os documentos de traballo elaborados ó longo destas xornadas de reflexión serían publicados en Nova York no 1989 pola Fundación Ford co título: *The common good: social welfare and the American future, Policy recommendation of the Executive Panel*. Na declaración inaugural destas xornadas, Ralf Dahrendorf situou o eixe do debate partindo da famosa conferencia de T.H. Marshall sobre do desenvolvemento da cidadanía. Na súa análise, Marshall distinguía entre a dimensión civil, política e social da cidadanía, pasando despois a explicar como as sociedades humanas máis ilustradas foran confrontando unha tras doutra estas dimensións. Segundo o esquema de Marshall íaselle asignando a cada século unha parte da tarefa: o século XVIII sería testemuña das máis importantes batallas pola institución da cidadanía civil fundamentada nos "Dereitos do home" da doutrina natural do dereito e das revolucións estadounidense e francesa. No transcurso do século XIX ía ser o aspecto político da cidadanía, é dicir, o dereito dos cidadáns a participar no exercicio do poder político, o que deu importantes pasos a medida que o dereito a voto se estendía a grupos cada vez maiores. Por último, o xurdimento do estado benfeitor no século XX estendería o concepto da cidadanía ata a esfera do social e económico, recoñecendo que condicións mínimas de educación, saúde, benestar económico e seguridade resultan fundamentais para a vida dun ser civilizado así como para o exercicio significativo dos atributos civís e políticos da

ciudadanía. Neste senso, o discurso de T.H. Marshall (1992: 82), orientado a esclarecer cal fora a incidencia do desenvolvemento dos dereitos humanos respecto da estrutura da desigualdade social, semellaba retomar, e nunha estimable medida confirmar, a hipótese igualitaria esbozada na proposta elaborada no seu momento por Alexis de Tocqueville. Non obstante, é mester lembrar con Hirschman (1991: 12) o feito de que cando Marshall pintou este magnífico e confiado fresco por etapas, a terceira batalla pola afirmación dos dereitos cidadáns que se estaba a librar no terreo social e económico semellaba ben encamiñada cara á victoria, en virtude da presenza dunhas condicións particularmente favorables na Inglaterra da inmediata posguerra gobernada por un partido laborista consciente da relevancia dunha aposta clara a favor da universalización dunha seguridade social sólida. Algúns anos máis tarde o economista sueco e premio nobel Gunnar Myrdal (1957) chamaría a atención sobre das limitacións dunha dinámica liberadora aínda moi centrada no ámbito dos países occidentais, ó tempo que con motivo das xornadas de referencia, e trinta e cinco anos máis tarde, R. Dahrendorf podía subliñar tamén como Marshall fora excesivamente optimista ó respecto e como a idea da dimensión socioeconómica como complemento natural e desexable das dimensións civil e política tropezara con considerables dificultades e oposicións e precisaba xa a finais dos anos oitenta unha revisión substancial.

Na obra de Hirschman que citamos, o autor, tras realizar unha relativización das "optimistas" formulacións de T. H. Marshall³, vai engadir unha reflexión verbo da compoñente fundamente retórica dos debates ideolóxicos entre progresistas e conservadores, para pasar a enunciar as súas conclusións dirixidas a levantar acta do feito de que as democracias actuais e as formulacións da cidadanía son demandadoras dunha lóxica de axustes cara á sensatez. Nese senso Hirschman afirma que os modernos réximes pluralistas apareceron non por mor dalgún amplo consenso preexistente dos valores básicos, senón máis ben debido a que diversos grupos que esti-

3. En Somers, 1999, inclúese unha revisión crítica da obra de Marshall con base no cuestionamento de tres dimensións da súa proposta: temporalidade, espacio e axencia.

veran "agarrándose mutuamente polo pescozo" ó longo dun período prolongado tiveron que recoñecer a súa mutua incapacidade para erixirse en dominadores. A tolerancia e a aceptación do pluralismo resultaron dun empate entre grupos opostos acerbadamente hostís. A súa proposta de *participación* en democracia resólvese nunha aposta orientada a disolver os riscos de enrocamento esencialista e retórico para animar unha resolución dialóxica e, se se quere, constructivista, das opcións de verdade política. A deliberación ha concibirse (Manin, 1987) como un proceso de formación de opinión: os participantes non han ter inicialmente opinións plena ou definitivamente formadas; agárdase que se entreguen a discusións significativas, o cal quere dicir que deben estar listos para modificar opinións sostidas con anterioridade á luz dos argumentos dos outros participantes e tamén como resultado da nova información que se vaia facendo accesible ó longo do transcurso do debate.

Se puidemos ter avanzado cara ós precedentes corolarios desde a tradición liberal, e baseándose en posturas coma as de Constant e Tocqueville, pódese afirmar tamén que, alomenos desde algunha das vetas dominantes do pensamento marxista, os axustes de base para entendermos hoxe as claves profundas do sentido da participación en democracia foron asumindo un compromiso crecente coas resolucións formuladas a través dos procesos de construción social e dialóxica dos modos de acordo.

Para o pensamento de Marx e o groso da tradición marxista a condición necesaria para o logro da liberdade atopárase na existencia dunha previa revolución que trascantease a relación económica estrutural das forzas en xogo. Unha percepción esta de carácter necesario que por vía da "tese da ideoloxía dominante" propendía a considerar o poder instituído sobre dos dominados economicamente coma invalidante tamén no ámbito cultural. En virtude disto a súa análise situaba na actividade dos poderes político-económicos e na do mercado a causa fundamental da alienación e o avasalamiento de todos. De acordo con esta perspectiva Marx inclinábase tamén a derivar da acumulación de capital e do desenvolvemento tecnolóxico o empobrecemento crecente das masas

traballadoras, a exacerbación da loita social e o remate violento do sistema capitalista. Esta proposta, ancilar dunha lectura estrutural de corte histórico-económico, tendía a ocultar a capacidade de xogo duns actores eivados na súa limitación non só pola estrutura económica senón tamén alienados nas súas capacidades para poderen reorientar expectativas e modelos culturais. Habería que agardar ó século vinte para que algúns autores inspirados nesta tradición, coma Antonio Gramsci (1974), foran quen de repensar a situación desde as capacidades socialmente productivas dos valores e culturas populares. O pesimismo cultural da tradición marxista vai enchoupar tamén a segunda metade do século vinte na medida en que o groso dos autores da Escola de Frankfurt (salvo no caso do máis orixinal, W. Benajamin) van seguir unha senda orientada por un bloqueo crítico que levará desde esa mesma tradición, e xa recentemente, ó sociólogo alemán Jurgen Habermas a cuestionar, desde a atalaia da súa Teoría da Acción Comunicativa, unhas formulacións coma as de T. W. Adorno, eivadas pola súa visión negativa das potencialidades liberadoras da Modernidade. Na súa opinión a idea dun conflito imposible entre a razón instrumental e a realización expresiva viría dada polo defectuoso concepto que Adorno tiña do axente; cando de feito todo axente está constituído pola linguaxe e polo intercambio entre axentes. Unha constatación esta xa coñecida para a tradición sociolóxica, a cal se lle tiña revelado no seu momento a G.H. Mead, a través da súa fecunda explicitación dos "relevantes outros", dos que se ocupara na súa obra fundadora *Mind Self and Society* (1972).

Cando observamos como os axentes se constitúen a través do intercambio entendemos que a razón avanza tamén na dirección da procura do consenso apoiándose na discusión do argumento. Por isto, a proposta de Habermas vai achegar desde a tradición marxista, e con base nunha ollada orixinal, unha razón adicional sobre as virtualidades participativas da democracia e as posibilidades de autoxestión.

2 SOBRE DALGÚNS POSICIONAMENTOS TEÓRICOS RECENTES SOBRE DA CUESTIÓN DA PARTICIPACIÓN

Na súa influente obra *Hábitos del corazón* (1989), R. Bellah, e desde unha percepción sociolóxica de carácter comunitarista, retoma, aínda que reformulada desde unha relectura dos novos modos de manifestación do individualismo, a hipótese da existencia dunha asintonía entre as lóxicas expresivas e aquelas de carácter instrumental. Na súa opinión as únicas asociacións coas que resultaría doado identificarse serían aquelas conformadas cun carácter voluntario e favorecedoras da autorrealización das persoas tales coma os agrupamentos de afinidade fundamentados no feito de compartir un determinado "estilo de vida". Máis alá desas asociacións atoparíase o ámbito das relacións estratéxicas, nas cales se impoñerían as consideracións de orde instrumental.

A través dunha aplicación dos seus achados investigando sobre redes sociais, Granovetter (1973), nun traballo xa hoxe clásico no ámbito da socioloxía, vai defender que os *vínculos débiles* (e aquí o concepto recobre nunha estimable medida aqueles de carácter estratéxico), frecuentemente considerados como produtores de alienación, han ser percibidos como indispensables para as oportunidades individuais tanto como para a súa integración nas comunidades. Sería mester engadir aquí que esta resolución dun problema teórico anticipadamente pola dinámica das prácticas pode resultarnos doado de comprender ó achegarnos, por exemplo, ós posicionamentos pragmáticos e *aplicados* do desenvolvemento comunitario. Este ámbito disciplinar, e por mor da súa proximidade ás prácticas sociais efectivas, viuse adoito compelido a integrar nas súas metodoloxías as oportunidades de cambio existentes nas lóxicas instrumentais que eran canalizadas a través de redes e relacións estratéxicas. Desde outra perspectiva, pero coa prema de dilemas semellantes, os traballos recentes de Amartya Sen (2000) pretenden encher de sentido o desafío de conxugarmos as esixencias complementarias de liberdade e igualdade. Para Sen o máis importante nos problemas de pobreza e cidadanía é considerar a participación coma

unha válvula, e a capacidade de participar unha parte integrante do benestar á que non se debe renunciar.

Neste tempo en que nos toca vivir agroma unha virtualidade nova para os compromisos da implicación participativa na coexistión do social. En palabras do comunitarista Charles Taylor (1996: 518) estaría a ser a propia austeridade existente acerca dos bens do espírito aquela que nos capacita para dedicarnos con moito máis afán á beneficencia universal e a que nos anima na procura de novos modos máis imaxinativos de vivirmos propios da identidade moderna. Todo isto, nun tempo que está a reclamar a emerxencia dun humanismo sobrio, de mentalidade científica e laico. Neste sentido, a esixencia dunha nova ética xorde como un requirimento (Pasquino, 2000: 52) inherente ós novos desafíos sociais. Na opinión deste autor o compromiso de gobernar unha comunidade organizada sempre requiriu unha ética, isto é, un conxunto de principios, estilos, costumes, límites e de valores compartidos destinados a exercer como cimentos da vida organizada das comunidades. Se como nos lembran os profesores S. Giner e V. Camps, a democracia é a mellor ferramenta para confrontarmos as dúas grandes tendencias contradictorias da vida social: a altruísta e a egoísta; a comunitaria e a competitiva; a da identificación e a da separación, ou se se prefire, e por recorrer a unha terminoloxía máis socioeconómica, a da igualdade e a do mercado; esta non acada o seu pleno sentido se se atopa núa das virtudes cívicas que nos compelen e esixen unha responsabilización respecto da vida e dos problemas dos demais cidadáns. É dicir, se non nos permite participar activamente no mundo humano que nos rodea. En virtude disto, e gracias á tolerancia inherente ó funcionamento democrático, as persoas son quen de progresar sendo diferentes ó tempo que colaboran naquilo que lles resulta común. En xeral, existe hoxe unha percepción moi difundida de que os novos cidadáns da sociedade aberta posmoderna aspiran no seu conxunto a unha maior calidade democrática. E esta *democracia esixente* (Pasquino, 2000) reclama a implicación dos cidadáns a través da existencia dunha ética capaz de orientar ese tipo de compromiso.

Na súa recente obra *On democracy* o reputado politólogo e profesor emérito da universidade de Yale, Robert Dahl, afirmaba que malia a penas termos comezado a abordar seriamente o problema do afondamento nos modos posibles de participación na democracia, hoxe está a resultar cada vez máis estratéxica a asunción do desafío de potenciar as capacidades dos cidadáns para que estes poidan implicarse dun xeito activo na vida política. Na súa opinión para avanzarmos nese obxectivo é preciso atendermos a unha ampla matriz de factores, entre os que se inclúen novos desafíos e diversas tensións recoñecibles. Entre estas, a tensión detectable entre a presión das forzas do mercado e as arelas democráticas dos cidadáns; un novo contexto de internacionalización que lle outorga unha maior capacidade de movemento e de volatilidade ás elites político-económicas e ó despregamento das súas estratexias; a crecente diversidade cultural que ataca á liña de flotación das vellas redes de capital social que constituían a base e soporte da cultura democrática; e, en fin, e derivado deste contexto ameazante, un desafío novo: o da recuperación da educación cívica coma unha canle, escasamente recorrida, capaz de forxar dinámicas máis democráticas e participativas. Mentres, a esixencia da competencia cívica está a resultar cada vez máis perentoria nunha sociedade que nos fai exercer de testemuñas mudas ante uns acontecementos que nos afectan, os cales derivan dunhas tomas de decisión cada vez máis arredadas e menos controlables. Por outra banda, o tempo de perplexidades en que estamos a vivir evidéncianos tamén o avance dunha ameaza: o feito de que por veces semella que a complexidade dos problemas está a ser maior que o incremento da capacidade crítica das persoas. Pola súa banda, unhas redes comunicacionais cada vez máis densas e heteroxéneas rematan exercendo máis no ruído ca na claridade das súas mensaxes (Dahl, 2000). Por todo isto: escala, complexidade e exceso de información estanlle a esixir cada vez un esforzo maior á capacidade de iniciativa dos cidadáns.

En opinión de Crouch (1999), e redundando nunha dirección xa apuntada por R. Dahl, hoxe en día o baleiro existente entre o tipo de participación que podemos exercer a nivel local, o que

exercen as elites a todos os niveis e o que está dispoñible a nivel da masa é tan amplo que converte a última en só unha sombra moi pálida da primeira. Para ampliar as oportunidades de cidadanía dialoal, en opinión deste autor cumpriría multiplicar e ampliar o poder e as oportunidades das canles comunitarias. E tamén, en dirección paralela á de Dahl, coida Crouch que calquera estratexia apropiada para desenvolver dereitos de cidadanía debe estar acompañada pola presenza de *animateurs*, os cales serían os encargados de axudar á xente a desenvolver os seus dotes e os seus recursos participativos.

Desde unha posición máis decantadamente crítica, Richard Swift (2002), na súa *No-Nonsense Guide to Democracy*, argumenta que as principais feblezas das democracias occidentais están a evidenciarse hoxe na súa dobre indefensión ante a avidez dos poderes políticos emerxentes tanto como na autocompracencia dunha clase política excesivamente pendente dos seus propios intereses. Ó mesmo tempo, Swift interrógase sobre das posibilidades coas que contamos e coas ferramentas ás que recorrer para abordar hoxe o actual reto de democratizar a democracia.

Hai xa uns anos I. Budge (1996), na súa obra *The New Challenge of Direct Democracy*, achegou un deseño que el denominou como "democracia directa de partidos", fornecendo un modelo que a grandes trazos propoñía a celebración de eleccións e a procura dun goberno cun programa que contase co apoio da maioría do electorado, xa como resultado directo do proceso electoral xa como resultado da formación dunha coalición postelectoral, que sometería o seu programa conxunto a referendo. Os contidos deste programa, avalado polo proceso electoral ou polo referendo posterior, poderían ser aplicados libremente polo goberno ó longo dun período limitado (aproximadamente un ano e medio), cunha entidade independente que garantise que a medida para aplicar responde sen ambigüidades ó proposto no programa. Para todas as medidas restantes (as non especificadas no programa e todas as que se aplicasen despois deste primeiro período) o goberno precisaría contar coa conformidade cidadá, o cal se acadaría por medio de referendos electrónicos, que se celebrarían tras un longo debate realizado por todos os medios

(un parlamento deliberativo, canles especializadas nos medios de comunicación e as redes electrónicas). Isto significaría que os cidadáns haberían votar varias decenas de leis ó ano, ou sexa, case unha cada semana, salvo que se decidise agrupar as votacións. Concluindo, trátase dun modelo (Budge, 1996) en que os partidos seguen a existir desempeñando un papel central á hora de formular propostas e orientar debates, pero onde a maior parte das grandes decisións son tomadas directamente pola cidadanía. Para J. Stewart (1995, 2001) a esixencia de construír unha democracia deliberativa require unha orientación das actividades de cara ó logro dese obxectivo e partindo do respecto ós seguintes principios:

- A relación entre os cidadáns e as autoridades ha de basearse na interacción.
- Cando se lles consulte ós cidadáns é importante dar algún tipo de resposta ós seus comentarios.
- Sempre que sexa posible, calquera información ha de ir acompañada de debate.
- Se hai tempo e espacio dispoñible para reflexionar, o debate converterase en deliberación.

Pola súa banda, e entre nós, Joan Subirats (2001), tras presentar algunha das críticas máis frecuentemente dirixidas contra as propostas participativas (ineficiencia de custos e social, riscos de repregamentos particularistas, orientación cara ó curto prazo e risco de erosión das institucións democráticas existentes), pasa a enunciar cales haberían ser hoxe na súa opinión os dous principais retos que teñen que afrontar aqueles que apostan por un avance nas formas de democracia participativa:

- Demostrar que participación e eficiencia non son conceptos contradictorios, senón que, cada vez máis, están a ser conceptos complementarios.
- Buscar e experimentar instrumentos, vías ou mecanismos de participación que eviten, ou como mínimo reduzan, os riscos existentes e minimicen os problemas sinalados.

Nestas circunstancias a procura imaxinativa de alternativas e a experimentación de iniciativas e métodos anovadores convérte-

se nunha esixencia e un modo de dar resposta ós novos desafíos. Trátase de construír *topías* realistas máis alá da casa en que habitan as retóricas da intransixencia; se se prefire: o obxectivo sería o de desbloquear, por retomar a xa vella palabra de Michel Crozier (1970), as dicotomías ríxidas e esterilizadoras na liña de provocar novos espazos e construír encrucilladas orixinais para a reprodución do social. Máis alá dos riscos de conivencia (Beaud, 1984) que poden acougar nas compracencias da *microfísica do poder*, trataríase de reinventar desafíos de participación e liberdades sociais novas que permitan rexenerar o debate e renovar as aspiracións dos dereitos de cidadanía.

O rápido espallamento que están a ter actualmente nas ciencias sociais termos coma o de gobernabilidade (*governance*) (Rhodes, 1997; O'Toole, 2000), que vén a poñer no punto de mira central a atención ós actores sociais e ás ideas relativas ó xeito de concertar as accións e iniciativas compartidas; ou o de "empoderamento" (*empowerment*)⁴, como conceptos emanados desde a constatación efectiva de que hoxe estamos a vivir un período de profundo cuestionamento e renovación duns referentes de organización sociopolítica que aínda que están a ser modulados por un peso crecente e a miúdo ameazador do mercado non nos deben levar a ignorar a existencia complementaria dunha aspiración tamén crecente de participación cívica. Ó mesmo tempo, a progresiva conformación de moi diversos tipos de reticulación social está a facilitar a multiplicación de fórmulas posibles de cidadanía activa que canalizan a demanda do dereito dos cidadáns a seren admitidos ó proceso dialogal da elaboración de decisións e obxectivos colectivos (Crouch, 1999: 258). Este tipo de conceptos toman corpo á beira doutros definidos pola súa maior operatividade tales coma os de parceiro (*partenariat, partnership*), os cales veñen a converxer nunha mesma presión semántica chamada a actuar aquí

4. Para o Banco Mundial, que ten actuado como un dos difusores deste concepto nos seus programas de desenvolvemento, un proceso deste tipo debe ser sensible ós seguintes aspectos: acceso á información, inclusión e participación, responsabilidade ou rendición de contas e capacidade local de organización.

coma heraldo que anuncia o tendencial avance de novos dereitos sociais. Neste senso o eco acadado pola obra de R. Putnam e o seu equipo (1993, 2002) é sintomático desta sensibilidade emerxente. As conclusións dos seus traballos veñen a afirmar que un alto nivel de capital social facilita un maior rendemento institucional, mentres que niveis baixos de capital social o obstaculizan, independentemente do deseño institucional e dos instrumentos de intervención adoptados. Este novo centro de interese serve de estímulo para unha lectura dos procesos sociais, institucionais e organizacionais que prestan unha atención estratéxica á procura dunha sintonía sinérxica entre actores, institucións e dinámicas sociais.

Amais, a nova sensibilidade cidadá global, da que teñen dado conta a nivel planetario tanto foros de debate coma o de Porto Alegre como as respostas sociais ós últimos eventos bélicos, está a prender unha luz nunhas expectativas cada vez máis sensibles a un espallamento e un recoñecemento global dos dereitos das persoas.

Unha das espoletas mediáticas animadoras deste tipo de dinámicas foi, sen dúbida, nos últimos tempos, a difusión acadada polos presupostos participativos do concello brasileiro de Porto Alegre (Barceló e Pimentel, 2002). Certamente, o municipio de Porto Alegre non foi o inventor do modelo; antes que el este tipo de xestión presupostaria fora experimentado xa por outros concellos europeos, entre os cales se conta o concello de Palmela, situado na grande área de Lisboa. O que si semella certo é que o de Porto Alegre puxo en marcha a súa experiencia nun momento particularmente receptivo a este tipo de iniciativas. Nunha dirección converxente, foi tamén promovida hai arredor de dúas décadas unha ambiciosa estratexia de descentralización activa polo, actualmente reelixido, alcalde de Londres, Ken Livingstone, quen fora promotor co Gran Londres dun anovador concepto de xestión urbana que primaba a descentralización barrial e a participación cidadá. Hoxe diversos concellos do Estado español, como Rubí en Catalunya, Jun en Andalucía ou o de Albacete, teñen asumido un desafío de xestión presupostaria participativa que non deixan de ter tamén os seus precedentes no Estado en experiencias coma a que se concretara no seu momento no mode-

lo asembleario do pequeno concello andaluz de Marinaleda, o cal chegara a acadar entre nós un estimable eco mediático.

Dito isto debemos lembrar aquí que, aínda que nos últimos tempos a teoría sociopolítica asumiu un protagonismo importante en revisar a saúde da democracia prestando atención ás "promesas incumpridas" ás que aludía Norberto Bobbio (1984), non deixa de ser certo tamén que outras liñas de atención respecto da variable participativa mantiveron e reforzaron a súa presenza e protagonismo no eido social aplicado. A súa presenza como factor facilitador mantívose e ampliouse no ámbito do planeamento territorial co avance do Planeamento Estratéxico, no eido do desenvolvemento local urbano e rural por vías diversas ("partenariados", IAP, etc.) e en paralelo coa crecente aptitude destes axentes sociais, no planeamento urbano, na xestión do medio natural e mesmo na dos servicios sociais, sanitarios e educativos ou mesmo no ámbito da administración da xustiza.

3 SOBRE DA RELACIÓN ENTRE PARTICIPACIÓN E CULTURA

A finais da mesma década dos cincuenta, na que T. H. Marshall levantara acta coa súa conferencia do avance que viñera experimentando nos últimos séculos a construción social da cidadanía en función dunha progresión e dunha diversificación das liberdades entre maiorías sociais cada vez máis amplas, Andre Malraux, un intelectual formado no pensamento crítico en contra do fascismo, vai ser promovido polo presidente Charles de Gaulle para ocuparse dun ministerio novo e orixinal, o daquela acabado de crear Ministerio de Cultura.

Ó longo desta xeira que ocupa a década dos anos sesenta do século XX, evidenciárase o feito de que a relación entre participación e cultura vai constituírse nunha das encrucilladas máis fecundas e traballadas desde ese mesmo inicio das políticas culturais⁵. Arredor deste centro de interese vanse establecer algunhas

5. Bouzada, X. (2001b): "A progresiva secularización do feito cultural e o xurdimento de novas oportunidades para a acción derivadas da relación existente entre cultura e desenvolvemento local", en X. Bouzada (coord.), *Cultura e desenvolvemento local*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 71–91.


das dicotomías que de xeito máis suxestivo motivaron tanto a críticos da cultura coma ós axentes da intervención sociocultural orientando mesmo as súas formulacións e cambios de rumbo. Esas tensións dilemáticas foron as que resumidas nos conceptos de *democratización cultural* e *democracia cultural* (Urfalino, 1996; Poirrier, 1998) confrontaron dous modelos respectivos, orientado o primeiro na dirección de privilexiar aqueles modos de acción cultural concibidos para acadar a máxima difusión das grandes obras da cultura entre todos os cidadáns (aposta en que habitaban riscos de derivas elitistas), e o segundo ocupado na afirmación de todas as formas de cultura non consagradas susceptibles de exercer como soportes de dignidade popular á vez que coma ferramentas útiles para servir de panca á aventura do acceso á creación e ó gozo das formas máis nobres da cultura (itinerario este en que tamén se agachaban riscos de derivas *populistas* e *social realistas*).

En todo caso, esta polarización que marcou o eixe das liñas de acción das políticas culturais ata os inicios dos anos setenta semellou deixar en suspenso algunhas das súas ambicións máis substantivas ó producirse a eclosión de propostas culturais centradas máis na obsesión pola eficiencia na xestión, e polos seus efectos de aura nas cidades emerxentes, que nun interese xenuíno pola procura de novos camiños para avanzarmos cara a unha cidadanía cultural.

Nese senso, o interese renovado pola ampliación dos modos de democracia cívica atopa tamén hoxe o seu espacio de afirmación no co-deseño activo nas comunidades das súas políticas e liñas de acción cultural.

Desde este suposto podemos realizar unha lectura da xénesese das políticas culturais que, sen furtarlle accidentes e complexidades ó proceso⁶, poida postular a convicción de que tamén dalgún xeito no eido da acción cultural se mantén activado o desafío do logro de máis altos niveis de definición das aspiracións democráticas participativas.

6. Bouzada, X. (2001a): "As políticas culturais na España actual: acerca dalgúns dos retos e dilemas político-culturais do Estado autonómico", *Grial*, 149, pp. 83–102.



Cadro I. Sobre as xeiras no acceso á cidadanía cultural. Elaboración propia.

PARTICIPACION E CULTURA

OBXECTIVOS	FUNDAMENTOS	ESTRATEGIAS	MÉTODOS E RECURSOS	DIMENSIÓN
Xeneralización do gozo dos bens culturais	Popularización das obras da cultura	Difusión da cultura	-Actividades -Programas -Equipamentos	<i>Información Formación e Entretemento</i>
Favorecer a existencia dunha rede social de proxectos e organizacións culturais e socioculturais	Vertebrar a cultura, as identidades e as sociedades locais reconecéndolles as súas propias culturas	Asunción da relevancia do feito sociocultural	-Subvencións -Convenios -"Parceirados" -Servicios de asesoramento, e documentación	<i>Implicación</i>
Promover o acceso dos cidadáns á creación cultural e artística	Recoñecer o dereito dos cidadáns a desenvolver as súas arelas de creación artística	Promover a formación e o apoio ós grupos e colectivos de creación e ós creadores	-Centros e cursos de Formación -Espacios e eventos que promovan o coñecemento e a creatividade	<i>Formación</i>
Apoiar a participación dos cidadáns e creadores no deseño e xestión das políticas culturais	Unha maior participación no deseño e xestión dos programas culturais mellora a eficiencia social da acción cultural	Recorrer á utilización de técnicas participativas no deseño de programas culturais	-Técnicas grupais e colectivas aplicadas: (visualizacións guiadas, foros locais, consultas a comunidades de interese, etc.)	<i>Consulta e coxestión</i>

Cadro II. Sobre as xeiras no acceso á cidadanía cultural. Elaboración propia.

Neste senso, a nosa proposta non pretende disolver o sentido da cultura afirmando para isto un terreo acritico e neutral (Scruton, 2001; Finkelkraut, 2000) no que administrar unha acción cultural que non sería xa nin alta cultura nin cultura popular. O que pretendemos afirmar coincide con formulacións ante-

riores (Bouzada, 2001b) nas que defendemos as virtualidades da experimentación nas mediacións culturais e o papel relevante que debe desempeñar unha política cultural en facilitar un amplo acceso da poboación á creación e gozo da cultura e das artes.

4 AS CULTURAS DA PARTICIPACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DA CIDADANÍA

Se o dilatado labor ó longo dos anos sesenta e setenta do pasado século dos autores inseridos na tradición da animación sociocultural serviu para ir enchendo de contidos democratizadores as políticas culturais nacentes, exercendo ó seu traveso no requirimento de ampliar o ámbito de alcance da mesma democracia, a tradición de matriz anglosaxona, e algo anterior, do *Community Development*⁷, atoparíase nos inicios da procura máis substantiva de vencellar o concepto de democracia ós territorios sociais e ós seus procesos de desenvolvemento. Neste senso oriéntanse posturas tales coma a de David Mathews cando afirma que "a participación dos cidadáns na vida da comunidade non é só un medio para acadar o apoio de causas ou proxectos; esta é un fin en si mesma. As comunidades son máis fortes cando contan cunha cidadanía forte e comprometida". Para a tradición da organización comunitaria, a participación é unha estratexia substantiva para o labor vertebrador da comunidade.

Poida que por mor deste posicionamento, e do seu carácter de aposta continuada, no ámbito do desenvolvemento de comunidades sexa onde se teñan ensaiado máis ferramentas metodolóxicas orientadas a promover a participación; as cales, a nivel da súa aplicación neste tipo de territorios sociais, protagonizaron un razoable éxito nos últimos anos. Isto é algo que nunha estimable medida ten acontecido en virtude do pulo acadado por unha actividade coma o *desenvolvemento local*, que en moitos aspectos vén a ser unha liña de acción complementaria e continuadora desta tradición.

A realización dun inventario deste tipo de recursos excede o alcance deste traballo, non obstante coidamos que esa ampla

7. Selznick, 1949/1984.

diversidade de métodos operativos que figuran nalgunhas das obras mencionadas na nosa bibliografía admiten aquí unha breve e orientativa referencia a ferramentas metodolóxicas xa experimentadas concibidas para distintos momentos dos procesos de desenvolvemento social en comunidades.

Dentro da recente tradición teórico-aplicada sobre a participación, unha das propostas á que se lle prestou unha atención de referencia, acadando unha categoría case paradigmática, é o modelo de *escala participativa* da experta norteamericana en desenvolvemento de procesos participativos, Sherry Arnstein (1969). Esta autora elaborou a súa proposta tras ter levado a cabo un labor dilatado como deseñadora e monitora de procesos de descentralización administrativa no ámbito da organización sanitaria e no da educación para a saúde.

A escala de Arnstein representa a primeira proposta que establece, cun criterio claramente operativo, unha orientación metodolóxica pensada desde e cara ó traballo social de desenvolvemento implicativo de colectivos e comunidades. Non obstante pode considerarse tanto unha hipótese de traballo como unha guía para técnicos ó tempo que unha referencia orientadora para os propios actores desas mesmas comunidades. O seu modelo gradual leva implícita a compoñente utópica inherente á tradición do *desenvolvemento comunitario*, a cal hoxe, e nunha estimable medida, foi asumida por algunhas das correntes menos tecnocráticas do *desenvolvemento local*.

Recollida dunha aplicación pensada precisamente para os procesos de desenvolvemento local sostible é a proposta apuntada por Martell e Querol (2002); que nos propón cinco pautas orientativas que cómpre seguir nos procesos de desenvolvemento de comunidades. As pautas recollidas sitúannos nun territorio de axustes que buscan a eficiencia dos recursos implementados e a concordancia das lóxicas de acción dos actores implicados tanto como a xerarquización esixible ós obxectivos centrais dun modelo de desenvolvemento participativo.

De acordo cun minucioso estudio realizado para a Amherst H. Wilder Foundation, Mattesich e Monsey (1997), estes autores

FASES DA PARTICIPACIÓN: A ESCALA DE S. ARNSTEIN

1.- INFORMACIÓN

Nesta fase a palabra clave é *TRANSPARENCIA*

Na fase inicial resulta clave *SENSIBILIZAR* e ser quen de interpretar os límites e as virtualidades das culturas populares

2.- CONSULTA

Mediante a regulación da información e a consulta facemos posible a participación no *CONTROL* dos poderes públicos

3.- DECISIÓN CONXUNTA

4.- ACTUACIÓN CONXUNTA

A toma de decisións conxunta e a execución compartida por todos os membros dunha colectividade é o nivel superior da participación que tende a formas de *COXESTIÓN* e *autoxestión* cidadá

5.- APOIO ÁS INICIATIVAS REALIZADAS POLA COMUNIDADE

A *descentralización* resulta necesaria para poder realizar unha "*toma de decisións conxunta*", efectiva

Cadro III. A Escala de Arnstein.

detectaron unha serie ampla de trazos de partida que poden ter unha influencia importante no futuro éxito ou fracaso da experiencia despregada. Entre eles, recollemos os máis significativos:

- Se os membros da comunidade recoñecen a necesidade de introducir algún cambio e se eles mesmos empezan xa a poñelo en práctica.
- Se están situadas en áreas xeográficas de tamaño reducido e accesible.
- Se contan con organizacións locais que se enfrontan ós problemas dun xeito flexible, colaborador e aberto.
- Se contan xa con interrelacións abertas antes de poñer en marcha o proxecto (internas e externas).
- Se contan con mediadores sociais recoñecidos.

CINCO PAUTAS QUE CÓMPRE SEGUIR NOS PROCESOS PARTICIPATIVOS	
1	<i>Dispoñer</i> dun mínimo de recursos e persoal formado para impulsar o proceso
2	<i>Dedicar</i> esforzos para reconciliar posibles diferencias importantes e para establecer prioridades
3	<i>Enfocar</i> a participación non só como a aplicación puntual dalgunha técnica ou como un evento que sexa un fin en si mesmo, senón tamén como parte integrante dun proceso participativo continuo
4	<i>Equilibrar</i> o papel dos expertos, facilitadores e grupos sociais. En concreto, evitar unha dependencia excesiva dos primeiros e lograr formar grupos que, a medio prazo, sexan autosuficientes e capaces de autoxestionarse. Iso contribuirá a que a participación se converta nun medio para capacitar e delegar poder ás comunidades, as cales poderán así colaborar en manter vivo o proceso
5	<i>Evitar</i> que o proceso quede á marxe ou compita con políticas sectoriais de ámbito local; procurando establecer sinerxías entre os proxectos participativos e o conxunto das políticas locais

Cadro IV. Martell e Querol, 2002.

- Se contan con algún éxito anterior no campo do fortalecemento da sociedade civil.

Por outra banda no estudio detéctase como a nivel de funcionamento existen tamén trazos derivados do seu modo de concepción e de implantación que, aplicándose de xeito correcto, poden facilitar o proceso, entre eles:

- O proceso ten máis éxito se fomenta unha maior participación.
- Se conta con bos sistemas de comunicación.
- Se non hai moita competencia entre as organizacións civís existentes.
- Se lles permite ás persoas desenvolver plans e prioridades a nivel de grupo.

- Se produce beneficios claros para unha maior cantidade de persoas.
- Se se centra tanto no proceso coma no obxectivo.
- Se vincula ós seus membros con organizacións externas.
- Se comeza por proxectos máis sinxelos antes de abordar outros máis complexos.
- Se xunta información e analiza os problemas de xeito sistemático.
- Se lles ofrece ós participantes formación para a adquisición das destrezas precisas neste terreo.
- Se consegue desde o primeiro momento contar coa participación das organizacións civís máis prestixiosas e veteranas.
- Se utiliza axuda técnica para mellorar a competencia dos membros.
- Se produce co tempo novos mediadores e líderes.
- Se hai veciños que supervisan as decisións, en particular as de tipo financeiro.

Pola súa banda, e sempre de acordo con esta investigación, os trazos fundamentais que deben caracterizar ós promotores da construción da sociedade civil son os seguintes:

- Ter un profundo coñecemento da comunidade e un desexo sincero de acadar o seu benestar.
- Gozar da confianza dos membros da comunidade.
- Ter experiencia na organización civil.
- Mostrar un alto grao de flexibilidade e adaptabilidade.

A socióloga norteamericana Barbara Hummel, habilitada pola súa longa experiencia no desenvolvemento da experiencia MAQIN de Wisconsin, presenta nun traballo recente (1999) unha recompilación de técnicas elaboradas a través dun dilatado itinerario empírico e experiencial que achega enfoques complementarios para unha aproximación cualitativa ó asunto da participación social. O seu achegamento establécese desde o punto de vista das carencias ou problemas sociais que adoitan exercer de espoleta ou factor coadjuvante nas dinámicas de desenvolvemento comunitario. Neste senso

forécenos a referencia do JCCI (Jacksonville Community Council Inc.) (<http://www.unf.edu/faculty/clifford/jcci/jccihome.htm>), unha entidade que é considerada pioneira nos USA polo seu labor de deseño de indicadores civís. Esta iniciativa puxérase en marcha no ano 1985, cando un grupo dun cento de cidadáns se xuntaran para formular as súas preocupacións sobre o efecto que o crecemento rexional estaba a ter sobre a calidade de vida en Jacksonville. En xaneiro de 1996 a JCCI elaborou o seu primeiro informe: *Axenda de Comunidade*, o cal recorre á elaboración de indicadores de saúde e servizos sociais como unha vía para identificar e avaliar o nivel de benestar da comunidade. Este informe, elaborado por 120 voluntarios e financiado pola United Way Northeast Florida, estableceu nove áreas de solución moi centradas nos *problemas sociais* destinadas a orientar tanto a acción social coma a asignación de fondos:

- Preparación dos nenos para que inicien a escolarización dun xeito idóneo.
- Creación de oportunidades para un desenvolvemento positivo dos mozos.
- Axudar ós nenos e mozos en crise.
- Satisfacer os requirimentos básicos de alimento, aloxamento e roupa.
- Fortalecer ás familias e ás persoas.
- Prestar servizos sanitarios, educativos e de apoio.
- Axudar ás vítimas dos malos tratos e do abandono.
- Axudar ás persoas con discapacidade e requirimentos especiais.
- Atender ás persoas de idade.

A partir dun rigoroso traballo, o experto da Unicef G. Laverack propoñanos nun artigo, publicado no ano 2001 na prestixiosa publicación inglesa *Community Development Journal*, un decálogo útil para a identificación das áreas que máis incidencia teñen na potenciación da capacidade participativa das comunidades. Este decálogo remarca a importancia da información ó subliñar a dependencia existente entre as potencialidades da participación e a exis-

IDENTIFICACIÓN DAS ÁREAS DE INFLUENCIA NA CAPACIDADE DE PARTICIPACIÓN COMUNITARIA (Glen Laverack–Unicef)	
<i>Datos procedentes dun estudio comparativo de cinco propostas recentes</i>	
<i>Capacidade participativa da comunidade</i>	Factores de diferentes tipos que inflúen nela
<i>Liderado</i>	Existencia e tipos
<i>Base social e nivel do sentido de comunidade</i>	Organización social e identidade
<i>Mobilización de recursos</i>	Capacidade para realizala
<i>"Necesidades" ou carencias sociais sentidas</i>	Capacidade crítica para definir situacións
<i>Capacidade para xestionar a relación co exterior</i>	Imaxe externa, relacións e redes
<i>Xestión do programa</i>	Eficiencia na xestión
<i>Resolución de conflitos</i>	Técnicas de negociación
<i>Vertebración comunitaria</i>	Capacidade para definir e orientar a acción colectiva
<i>Rigor no compromiso</i>	Capacidade de avaliación

Cadro V. Laverack, 2001.

tencia dunha comprensión clara dos problemas e carencias percibidos con maior transparencia por parte da comunidade.

Un presuposto particularmente relevante para promover unha cultura da participación é o de ser capaz de implicar o colectivo co que se traballa xa desde o primeiro momento, baseándose en compartir consensuadamente desde o comezo unha mesma misión. Para o logro deste obxectivo recorreuse a técnicas de diverso tipo (New Economics Foundation, 1998; Weisbord e Janoff, 1995), coas cales promover unha participación da comunidade cualificada e non tecnocrática. Estas técnicas deron resultados que exceden en moito os meros obxectivos democráticos e chegaron a

impregnar outro tipo de prácticas tan concretas e pragmáticas como poidan selo as do mundo da empresa e dos negocios. Este feito vén a poñer en evidencia o alto grao de eficiencia cualitativa na súa capacidade maximizadora do capital humano, do que dispoñen as dinámicas participativas e implicativas cando estas son realizadas dun xeito rigoroso.

O GRUPO DE REFLEXIÓN PARA A PROCURA DO FUTURO

O obxectivo deste grupo é o de xerar unha visión de futuro consensuada polas persoas que interveñen no grupo.

Normalmente o grupo pode estar composto por unhas sesenta ou setenta persoas.

Os participantes selecciónanse:

- pola súa condición de afectados polo resultado do proceso,
- por dispoñer de información específica,
- por posuír algunha capacidade de influencia para a aplicación das decisións que se van tomar.

David Wilcox na súa calidade dobre de teórico e experto promotor social traballou en Inglaterra no desenvolvemento de técnicas facilitadoras dos procesos participativos. A súa "Guía para unha participación eficaz" (1994) vai dirixida a todos aqueles que estean interesados en rexenerar a vida dos seus pobos e comunidades mobilizándose a favor da implicación da xente que vive e traballa no lugar xa que "ó cabo serán eles os que máis afectados se verán polo que vaia acontecer no futuro". A estes interlocutores posibles, potencialmente interesados, achégalles información sobre como crear unha Fundación de Desenvolvemento Comunitario (*Community Development Trust*) ou outra organización semellante aberta á participación de estamentos comunitarios, privados e públicos. O seu labor conxúgase co da asociación inglesa *The Development Trust Association*. Esta entidade estableceu a partir da súa experiencia un decálogo de criterios (<http://www.dta.org.uk>) fundamentais que exercen de "factores claves" facilitadores deste tipo de procesos.

As fases de traballo serían as seguintes:

1 *Revisión da situación anterior*: cada participante escribe sobre acontecementos claves que tiveron lugar a nivel global, local e individual nos últimos trinta anos. Isto permite construír unha base de datos común que se poderá utilizar para describir tendencias e modelos e que pode ser discutida en grupos reducidos

2 *Exploración do presente*: represéntase un modelo con conceptos das tendencias actuais que afectan á comunidade local, tanto a nivel institucional como persoal. Este proceso non ten como obxectivo establecer prioridades senón sentar as bases para unha discusión posterior e formular a asunción de responsabilidades. Máis tarde, os grupos discuten sobre o presente baseándose en dúas listas que eles mesmos formulan; unha sobre temas *dos que se senten orgullosos* e outra sobre aspectos da comunidade que *non lles gustan*

3 *Creación de escenarios ideais de futuro*: os grupos combínanse entre eles para crearen escenarios ideais de futuro e identificaren dificultades para a súa execución

4 *Identificación dunha visión compartida*: trala observación dos distintos escenarios identifícanse aspectos comúns sobre o futuro (*qué se quere conseguir*), potenciais proxectos (*cómo acadalo*) e diferencias non resoltas (*desacordos permanentes*)

5 *Establecemento de plans de acción*: neste momento os participantes están en condicións de elixir qué dirección se toma e cómo se vai facer efectiva. Os distintos grupos de actores sociais acordan plans a curto e longo prazo e comprométese publicamente a executalos

Cadro VI. Weisbord e Janoff, 1995.

- Claridade de obxectivos.
- Implicación da comunidade.
- Compromiso e claridade dos actores sociais implicados.
- Investir nas persoas.
- Habilidade para acadar fondos.
- Existencia dun compromiso a longo prazo.
- O planeamento debe ser flexible e receptivo.
- Unha comunicación eficaz.
- Asumir os riscos dun xeito calculado.
- Desenvolver unha base de funcionamento axeitada e sólida.

Como colofón deste apartado recolleremos algunhas das conclusións máis salientables⁸ reflectidas nun estudio sobre a eficacia dos esforzos de participación cidadá en Estados Unidos, promovido polo Lincoln Filene Center da Tufts University; neste traballo, publicado no ano 1994, conclúíanse, respecto dos diversos procesos participativos estudados (de xeito máis afondado os de: Birmingham, Dayton, Portland, S. Antonio e St. Paul), as seguintes orientacións:

- Cando as persoas se implican nunha actividade política nun contexto que apoia e reforza esa actividade, a súa propia capacidade para unha futura actividade aumenta considerablemente, especialmente entre as persoas de renda baixa.
- A participación produce un maior sentimento de comunidade que, pola súa vez, leva a unha maior participación.
- As persoas adquiren unha actitude de tolerancia cara ás ideas dos demais, aprendendo a través da participación. A base dos éxitos futuros vaise vertebrando a colectividade pouco a pouco e con solidez.
- Nas cidades cunha participación eficaz, apreciábase un sentimento moi xeneralizado, tanto entre os cidadáns coma entre os membros da Administración, de que as perdas de eficiencia quedan sobradamente compensadas co que se gaña en resultados e credibilidade dentro da comunidade.
- Constátase que a participación axuda realmente a resolver problemas comunitarios e compróbase que mesmo a miúdo faino dándolle un enfoque totalmente novo ó problema.
- Calquera que sexa o grao de escepticismo co que empeza unha persoa, unha maior participación tende a producir nesa mesma persoa unha maior confianza no modelo democrático.

8. En www.cpn.org/sections/topics/community/civic_perspectives/kernels2.html poden consultarse ampliadas estas mesmas conclusións recollidas no artigo: Thomson, K.; Berry, J.M.; Portney, K. E. (1994): "Kernels of democracy", Lincoln Filene Center, Tufts University.

Chegados a este punto cumpriría dar conta aquí do feito de que este campo de coñecemento aplicado, o da *cultura da participación*, e probablemente por mor do noso, en termos cronolóxicos, relativo *atraso democrático*, non contou entre nós cun desenvolvemento contrastable e equiparable ó doutros países do ámbito occidental, sinaladamente os anglosaxóns, nos cales a tradición do *community development* propiciou a existencia dunha continuidade moito máis fecunda cá nosa na análise e aplicación do coñecemento a este tipo específico de dinámicas sociais.

Entre nós, o ámbito da participación foi basicamente abordado desde o punto de vista das políticas municipais locais. A participación desde esta perspectiva sería unha ferramenta privilexiada para canalizar os procesos de descentralización da administración democrática municipal. Desde este tipo de preocupacións, está escrito un traballo pioneiro entre nós neste ámbito concreto: *Descentralización y participación ciudadana*, de Jordi Borja (1987). Nesta obra os intereses centrais que prevalecen son os da resolución das dimensións xurídicas e políticos-administrativas dos procesos de descentralización e faise fincapé nas dificultades existentes para a súa implantación nas, daquela bastante recentes, administracións democráticas locais.

O traballo publicado por Fernando Pindado no ano 2000, que fora encargado pola Deputación de Barcelona e pola Federación de Municipios de Cataluña, comparte nunha gran medida os mesmos obxectivos que tivera o precedente estudio de Jordi Borja, aínda que aquí o autor inclúe entre as súas conclusións (p. 134) un inventario de trinta propostas concretas útiles para facilitar o desenvolvemento de políticas participativas a nivel local nas que se mesturan recomendacións de carácter político e administrativo con outras orientadas a mellorar as canles de comunicación internas entre concellos e veciños, ou mesmo outras que recomentan un maior coñecemento da realidade cidadá e as súas potencialidades participativas. Entre elas figuran tamén propostas que avanza na concreción de medidas derivadas do mesmo resultado da investigación tales coma as de recomendar a mellora do sistema de apoios

ó movemento asociativo nunha ampla gama de aspectos que oscilan entre o establecemento de liñas estables de financiamento, un maior recoñecemento político-administrativo deste tipo de entidades ou o favorecemento da súa corresponsabilización na xestión do público.

Nesta liña vai avanzar a proposta que se inclúe no libro de T. Rodríguez Villasante *Las democracias participativas* (1995). Nesta obra (p. 370) figura un decálogo elaborado por Tomás Alberich no cal se parte da idea de que descentralización do poder municipal ha ser o requisito básico para a potenciación da participación. O decálogo recomenda a xestión compartida na toma das decisións e no funcionamento dos servicios e o apoio ó movemento asociativo. Asemade recomenda o establecemento de canles diversas de participación dos veciños nas tomas de decisión prestándolle tamén unha atención especial á creación de medios de comunicación municipal. Como filosofía de fondo a proposta considera que é mester non separar a participación política daquela de carácter socio-asistencial xa que a miúdo se partiu da idea de que a primeira era un campo exclusivo dos *políticos* mentres que a segunda sería máis propia do mundo asociativo.

Sobre o ámbito específico dos programas de desenvolvemento local Leader, o profesor da Universidade de Salamanca J. M. del Barrio Aliste (2001) realizou unha reflexión avaliativa dirixida a orientar os técnicos de cara ó logro duns maiores niveis de eficiencia e solvencia participativa baseada en recomendar un axuste estratéxico e dinámico entre os obxectivos dos proxectos e as expectativas e potencialidades da poboación implicada.

Noutra obra recente, publicada en España, *Ciudadanos y decisiones políticas* (Font, 2001), abórdase xa o asunto desde (p. 20-21; 235 e ss.) unha reflexión centrada nunha maior diversidade de ámbitos, entre os que figuran a administración pública, a democracia local, as asociacións cívicas, os consellos consultivos e os consellos municipais, a rede de internet como instrumento de participación, os xurados de cidadáns ou a participación pública nos programas da Axenda 21 Local. Na obra inclúense asemade algun-

has reflexións de fondo (Font, Subirats) sobre as críticas e potencialidades dos procesos sociopolíticos participativos na España actual xunto cunha abundosa referencia a varias investigacións realizadas sobre experiencias municipais de distinta orde e alcance levadas a cabo recentemente no país.

A partir do dito podemos concluír que a ausencia entre nós de tradicións sólidas de organización de comunidade provocou o protagonismo dun enfoque da participación de carácter político-administrativo moi centrado na problemática da xestión política municipal. Da vixencia deste centro de interese entre nós dá conta tamén o feito de que o recente proxecto de lei⁹ de *modernización del gobierno local* aprobado polo Consello de Ministros do 6 de xuño de 2003 conta cunha das súas anovacións máis relevantes no apartado de Fomento da participación cidadá, no cal se lles abre camiño ós Consellos Sociais da Cidade como órganos de participación nas políticas urbanas de desenvolvemento local, ó tempo que se habilitan mecanismos para regular as iniciativas populares no ámbito local. Este centro de interese constitúe sen dúbida un dos eixes máis transcendentais do desafío participativo se este se concibe coa perspectiva continental, é dicir, priorizando as variables político-administrativas locais sobre aquelas que derivan da propia capacidade de autoorganización das persoas constitutivas da comunidade, como acontecía no caso da tradición do *community development* anglosaxón. É mester indicar que este modo dobre de percibir o eixe da participación correspóndese tamén co xeito dobre, alomenos, susceptible de ser aprehendidos os mesmos procesos de desenvolvemento local polarizables nos primados respectivos do ámbito xestor e institucional ou no da comunidade e as súas virtualidades como factor e actor de procesos de desenvolvemento participativos.

9. *El País*, 7 de xuño de 2003, p. 24.

BIBLIOGRAFÍA

- Arnstein, S. (1969): "A ladder of citizen participation", *Journal of the American Planning Association*, vol. 35, n.º. 4, pp. 216-224.
- Barceló, S. e Pimentel, Z. (2002): *Radicalizar la democracia. Porto Alegre: un modelo de municipio participativo*, Madrid, Catarata.
- Barrio Aliste, J. M. del (2001): "La participación social en los programas de desarrollo rural", relatorio presentado nas *II Xornadas de Desenvolvemento local en espazos rurais*, As Pontes de García Rodríguez, 24-25 de maio de 2001.
- Beaud, P. (1984): *La société de la connivence. Media, mediations et classes sociales*, Paris, Aubier Montaigne.
- Bellah, R. et al. (1989): *Hábitos del corazón*, Madrid, Alianza.
- Berlin, I. (2001): *Dos conceptos de libertad*, Madrid, Alianza.
- Bobbio, N. (1985): *El futuro de la democracia*, Barcelona, Plaza i Janés.
- Borja, J. (1987): *Descentralización y participación ciudadana*, Madrid, IEAL.
- Bouzada, X. (2001b): "A progresiva secularización do feito cultural e o xurdimento de novas oportunidades para acción derivadas da relación existente entre cultura e desenvolvemento local", en X. Bouzada (coord.), *Cultura e desenvolvemento local*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 71-91.
- Bouzada, X. (2001a): "As políticas culturais na España actual: acerca dalgúns dos retos e dilemas político-culturais do Estado autonómico", *Grial*, 149, pp. 83-102.
- Bouzada, X. (1996): "Unha cala no oficio da cultura", *Grial*, 130, pp. 183-194.
- Budge, I. (1996): *The New Challenge of Direct Democracy*, Londres, Polity Press.

Constant, B. (1989): *Escritos políticos*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales.

Constant, B. (1988): *Del espíritu de la conquista*, Madrid, Tecnos.

Crouch, C. (1999): "La ampliación de la ciudadanía social y económica y la participación", en S. García e S. Lukes (comps.), *Ciudadanía, justicia social, identidad y participación*, Madrid, Siglo XXI, pp. 257-285.

Crozier, M. (1970): *La sociedad bloqueada*, Buenos Aires, Amorrortu.

Dahl, R.A. (1999): *La democracia, una guía para los ciudadanos*, Madrid, Taurus.

Finkelkraut, A. (2000): *La derrota del pensamiento*, Barcelona, Anagrama.

Font, J. (2001): *Ciudadanos y decisiones públicas*, Barcelona, Ariel Ciencia Política.

Font, N. e Subirats, J. (2002): *Local y sostenible. La Agenda 21 local en España*, Barcelona, Icaria.

García, S. e Lukes, S. (comps.) (1999): *Ciudadanía, justicia social, identidad y participación*, Madrid, Siglo XXI.

Giner, S. e Camps, V. (1998): *Manual de civismo*, Barcelona, Ariel.

González Seara, L. (1995): *El poder y la palabra*, Madrid, Tecnos.

Gramsci, A. (1974): *Antología*, Madrid, Siglo XXI.

Granovetter, M. S. (1973): "The strength of weak ties", *American Journal of Sociology*, vol. 78, n.º. 6, pp. 1360-1380. Está publicado en castellán en *Política y Sociedad*, n.º. 33 (2000), Madrid, pp. 41-56.

Habermas, J. (1987): *Teoría de la acción comunicativa. Crítica de la razón funcionalista*, Madrid, Taurus.

Hirschman, Albert O. (1991): *Retóricas de la intransigencia*, México, F.C.E.

Hummel, B. (1999) "Participación ciudadana, calidad de vida e indicadores de progreso de la sociedad civil en Estados Unidos", en F. Rodríguez Gutiérrez (ed.), *Manual de desarrollo local*, pp. 264-292.

----- (1999a) "Posibilidades en comunidad: lecciones aprendidas en MAQIN", en F. Rodríguez Gutiérrez (ed.), *Manual de desarrollo local*, pp. 431-444.

Laverack, G. (2001): "An identification and interpretation of the organizational aspects of community empowerment", *Community Development Journal*, vol. 36, nº. 2, pp. 134-145.

Manin, B. (1987): "On legitimacy and political deliberation", *Political Theory*, 15, agosto de 1987, pp. 338-368.

Marshall, T. H. e Bottomore, T. (1992): *Ciudadanía y clase social*, Madrid, Alianza.

Martell, M. e Querol, C. (2002) "Participación, gobierno local y agenda 21 local. Procesos innovadores de participación", en N. Font e J. Subirats, pp. 65-91.

Mattessich, H. e Monsey, B. (1997): *Community Building. What Makes it Work: A Review of Factors Influencing Successful Community*, St. Paul, M.N., Amherst H. Wilder Foundation.

Mathews, D. (1999): *Community Politics*, Dayton, Ohio, Kettering Foundation.

Mead, G. H. (1972): *Espíritu, persona y sociedad*, Buenos Aires, Paidós.

Myrdal, G. (1957/1967): *Teoría económica y regiones subdesarrolladas*, México, F.C.E.

New Economics Foundation (1998): *Participation Works 21 Techniques of Community Participation for the 21 Century*, Londres.

O'Toole, L. J., Jr. and Meier, K. J. (2000): "Networks, Hierarchies and Public Management", in C. Heinrich and L. Lynn (eds.), *Governance and Performance: New Perspectives*, Washington, DC, Georgetown University Press.

- Pasquino, G. (2000): *La democracia exigente*, Madrid, Alianza.
- Pindado Sánchez, F. (2000): *La participación ciudadana en la vida de las ciudades*, Barcelona, Ed. del Serbal.
- Poirrier, Ph. (1998): *Société et culture en France depuis 1945*, Paris, Seuil.
- Putnam, R. (2002): *Sólo en la bolera. Colapso y resurgimiento de la comunidad norteamericana*, Barcelona, Galaxia Gutemberg.
- Putnam, R. et al. (1993): *Making Democracy Work. Civic Traditions in Modern Italy*, Princeton, Princeton University Press.
- Rhodes, R.A.W. (1997): *Understanding Governance. Policy networks, Governance, Reflexivity and Accountability*, Buckingham/Philadelphia, Open University Press.
- Rodríguez Gutiérrez, F. (ed.) (1999): *Manual de desarrollo local*, Oviedo, Trea.
- Rodríguez Villasante, T. (1995): *Las democracias participativas*, Madrid, Hoac.
- Scruton, R. (2001): *Cultura para personas inteligentes*, Barcelona, Península.
- Selznick, P. (1949/1984): *TVA and the grass roots*, Berkeley, University of California Press.
- Sen, A. (2000): *Desarrollo y libertad*, Barcelona, Planeta.
- Somers, M. R. (1999): "La ciudadanía y el lugar de la esfera pública: un enfoque histórico", en S. García e S. Lukes (comps.), *Ciudadanía: justicia social, identidad y participación*, pp. 217-234.
- Stewart, J. (1995): *Innovation in Democratic Practice*, Birmingham, Institute of Local Government Studies.
- (2001): "De la innovación democrática a la democracia deliberativa", en J. Font, *Ciudadanos y decisiones públicas*, pp. 77-95.

Subirats, J. (2001): "Nuevos mecanismos participativos y democracia: promesas y amenazas", en J. Font, *Ciudadanos y decisiones públicas*, pp. 33-43.

Swift, R. (2002): *The No-Nonsense Guide to Democracy*, Londres, New Internationalist.

Taylor, Ch. (1996): *Fuentes del yo*, Barcelona, Paidós.

Tocqueville, A. (1976): *De la democracia en América*, Madrid, Aguilar.

Urfalino, Ph. (1996): *L'invention de la politique culturelle*, Paris, La Documentation Française.

Weisbord, M. R. e Janoff, S. (1995): *Future Search*, San Francisco, Berret-Koehler.

Wilcox, D. (1994): *The Guide to Effective Participation*, Brighton, Partnership Books.